

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 5 DE FEBREIRO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a cinco de febreiro de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as nove

horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 29 de xaneiro de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### 2.- RESOLUCIÓNS DE DESESTIMENTO E ARQUIVO DE EXPEDIENTES A SOLICITUDE DOS INTERESADOS

— Hostal Carpinteiras S.L.

#### ANTECEDENTES

Primeiro.- Consta na documentación existente na Secretaría deste Concello o seguinte expediente (██████████) iniciado a instancia de parte:

- Solicitud de título habilitante municipal de carácter urbanístico para a execución de obras de “REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DE HOSTAL TURÍSTICO”, no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, instada por Don Juan Carlos Bardelás Lamas, na representación que ostenta da sociedade HOSTAL CARPINTEIRAS S.L., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, rexistrada con data 27 de agosto de 2024 (RE-E núm. 490), de conformidade co proxecto técnico redactado polo arquitecto Don Alberto Blanco Rodríguez, en data 14/06/2024.

Segundo.- Consta, asemade, o correspondente escrito de desestimento presentado por Don Juan Carlos Bardelás Lamas, na representación que acredita da sociedade interesada, con data 3 de febreiro de 2025 (RE-E núm. 81).

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAP) dispón que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando elo non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

Segundo.- O artigo 21.1 da citada Lei establece que a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorra en cada caso, coa indicación dos feitos producidos e das normas aplicables.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Ter por desistida á sociedade HOSTAL CARPINTERIAS S.L. do expediente incoado a súa instancia e que se sinala nos antecedentes do presente acordo.

Segundo.- Ordenar o arquivo do citado expediente, sen máis trámite.

— Hostal Carpinteiras S.L.

### ANTECEDENTES

Primeiro.- Consta na documentación existente na Secretaría deste Concello o seguinte expediente (██████████ iniciado a instancia de parte:

- Solicitud de título habilitante municipal de carácter urbanístico para a execución de obras de “LEGALIZACIÓN DE USO DE PENSIÓN EN EDIFICACIÓN EXISTENTE, CON OBRAS DE ADECUACIÓN E REHABILITACIÓN ENERXÉTICA”, no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, instada por Don Juan Carlos Bardelás Lamas, na representación que ostenta da sociedade HOSTAL CARPINTEIRAS S.L., con CIF núm. ██████████ e con domicilio social no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, rexistrada con data 20 de decembro de 2024 (RE-E núm. 762), de conformidade co proxecto técnico redactado polo arquitecto Don Alberto Blanco Rodríguez, en data decembro de 2024.

Segundo.- Consta, asemade, o correspondente escrito de desestimento presentado por Don Juan Carlos Bardelás Lamas, na representación que acredita da sociedade interesada, con data 3 de febreiro de 2025 (RE-E núm. 81).

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAP) dispón que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando elo non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

Segundo.- O artigo 21.1 da citada Lei establece que a resolución consistirá na declaración da circunstancia que conorra en cada caso, coa indicación dos feitos producidos e das normas aplicables.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Ter por desistida á sociedade HOSTAL CARPINTERIAS S.L. do expediente incoado a súa instancia e que se sinala nos antecedentes do presente acordo.

Segundo.- Ordenar o arquivo do citado expediente, sen máis trámite.

### **3.- CONCESIÓN DE SEGUNDA PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA AMPARADA EN COMUNICACIÓN PREVIA**

— María del Carmen Varela Cuñarro

#### ANTECEDENTES

1º.- Dona Leticia Diéguez Alonso, na representación que acredita no presente expediente de Dona MARÍA DEL CARMEN VARELA CUÑARRO, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio en Badalona (Barcelona), solicita con data 9 de xaneiro de 2025 (RE-E núm. 13) unha segunda prórroga do prazo de execución de obra de CONSTRUCCIÓN DE PECHE DE PARCELA, con emprazamento no lugar da Penela, parroquia de Pedroso.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 10 de outubro de 2024, adoptou acordo de declaración de eficacia da comunicación previa presentada, en virtude do disposto no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no artigo 361.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).

3º.- Na comunicación previa presentada consignábase como data de inicio das obras o día 10 de outubro de 2024, cun prazo de execución de dous (2) meses.

4º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 29 de xaneiro de 2025, concedeuse ao solicitante una primeira prórroga do prazo de execución ata o día 10 de xaneiro do corrente.

5º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 04/02/25, acreditando a conformidade da prórroga solicitada.

## FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 363.1 da RLSG textualmente dispón: “As comunicacións previas relativas á execución de obras deberán sinalar o prazo para o seu inicio e remate, en proporción á súa entidade e de conformidade co que establezan as ordenanzas municipais sobre uso do solo e a edificación. Os prazos indicados prorrogaranse pola metade do prazo establecido se a persoa interesada o comunica antes de ter transcorrido o referido prazo. O prazo para o inicio e remate das obras non poderán exceder dos tres meses e un ano respectivamente”.

Debidamente informados de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

## ACORDO

Conceder á solicitante unha segunda prórroga do prazo de execución da obra, polo período dun mes, que rematará o día 10 de febreiro de 2025.

## **4.- CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA MUNICIPAL**

### ANTECEDENTES

1º.- Con data 30 de setembro de 2024, a Xunta de Goberno Local adxudicou á sociedade CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. o contrato de obras para a execución do investimento denominado “REFORZO E PAVIMENTACIÓN EN RÚAS E VIAIS DAS PARROQUIAS DO AZ, GUILLAR, SANTA MARIÑA DE PESCOZO, O SALTO, CAMBA, CARBOENTES, ASPERELO E ARNEGO”.

2º.- A preceptiva acta de comprobación do reformulo asinouse o día 4 de novembro de 2024, fixándose o prazo de execución da obra adxudicada en tres (3) meses, contados a partires do día da sinatura de dito documento.

3º.- En data 31 de xaneiro do corrente (RE-E núm. 66), Dona Ana Isabel Taboada Ramos, na representación da sociedade adxudicataria, solicita unha

ampliación do prazo de execución da obra polos motivos que especifican no escrito de solicitude.

5º.- A dirección facultativa das obras emite, con data 02/02/25, informe favorable á prórroga solicitada.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 193 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), dispón literalmente: *“O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva”*.

Segundo.- O artigo 195.2 do citado texto legal establece que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos ampliando o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

### ACORDO

Conceder á adxudicataria CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. unha ampliación, ata o día 4 de maio de 2025, no prazo de execución da obra denominada *“REFORZO E PAVIMENTACIÓN EN RÚAS E VIAIS DAS PARROQUIAS DO AZ, GUILLAR, SANTA MARIÑA DE PESCOZO, O SALTO, CAMBA, CARBOENTES, ASPERELO E ARNEGO”*.

### **5.- BASES E BAREMO PARA A PROVISIÓN DE TRES (3) POSTOS DE TRABAJO SUBVENCIONADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2025 (LIÑA 3)**

Dáse conta aos/ás Sres./as concelleiros/as presentes que a Deputación Provincial, por acordo da Xunta de Goberno de data 24 de xaneiro do corrente,

resolveu conceder unha subvención, por importe de 122.701,25 €, para a contratación laboral de doce traballadores/as, de conformidade co solicitado por este órgano en data 13/01/25, ao abeiro das bases reguladoras e a convocatoria do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025 (BOP núm. 1, do 02/01/25). Cómpre, xa que logo, proceder á aprobación das bases para a provisión dos seguintes postos de traballo dos doce subvencionados: 1 traballador/a social e 2 técnicos/as en educación infantil.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Aprobar as bases e o baremo de selección para a provisión de tres postos de traballo subvencionados ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2025, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

#### ANEXO

BASES E BAREMO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DE 3 POSTOS DE TRABALLO FINANCIADOS AO ABEIRO DO PLAN MÁIS PROVINCIA "PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO" 2025 DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Primeira.- Obxecto

As presentes bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento e criterios aplicables para a contratación, con carácter temporal, de 3 persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e que estean dispoñibles para o emprego, dentro da subvención concedida ao Concello por acordo da Xunta de Goberno Local da Deputación de Pontevedra de data 24.01.2025, ao abeiro da convocatoria das axudas e subvencións do *Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Máis Provincia) 2025 (BOP núm. 1, do 02.01.2025)*.

Segunda.- Modalidade de contratación e característica da relación laboral

Os contratos formalizaranse baixo a modalidade de duración determinada para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (DA 9ª do RDL 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei de Emprego).

Denominación e número de postos ofertados:

- *Traballador/a social: 25 h/semana*
- *2 técnicos/as en educación infantil: 25 h/semana*

Duración do contrato:

- *Traballador/a social: catro meses e medio*
- *Técnicos/as en educación infantil: nove meses e catorce días*

Retribucións:

- *Traballador/a social: 1.108,26€ brutos mensuais, incluído o prorrateo das pagas extra.*

- *Técnicos/as en educación infantil: 980,40€ brutos mensuais, incluído o prorrateo das pagas extra.*

A duración establecida no anterior parágrafo queda condicionada ao requisito establecido na Base cuadraxésima primeira das Bases Reguladoras do programa que financia esta axuda. Polo tanto, de producirse demoras nas datas previstas de incorporación, a duración do contrato deberá axustarse para non exceder a data límite fixada no 31 de decembro de 2025.

As retribucións brutas serán as aprobadas no acordo da XGL do 13.01.2025, polo que se aproba a solicitude de subvención á Deputación Provincial ao abeiro do *Plan Máis Provincia – Liña 3: programa de activación do emprego 2025*.

A relación contractual rexeráse pola lexislación laboral, sendo de aplicación principalmente o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da *Lei do Estatuto dos Traballadores* e a *Lei 7/2007* de 12 de abril, do *Estatuto básico do emprego público*, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas e demais normativa Estatal e autonómica.

Terceira.- Requisitos dos aspirantes

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:

I) Requisitos xerais: serán os requisitos legalmente previstos, con carácter xeral, para o acceso ao emprego público:

- a. Ser maior de 16 anos, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- b. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- c. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- d. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuír o permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- e. Non atoparse en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

II) Requisitos específicos:

a. De acordo co establecido nas bases reguladoras das axudas do Programa de activación do emprego da Deputación Provincial, publicadas no BOP do 2 de xaneiro de 2025, ditas axudas destinaranse á contratación laboral de persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados nas categorías/ocupacións referidas na base anterior e que estean dispoñibles para o emprego.

b. Formación académica:

Acreditar estar en posesión da seguinte titulación e/ou formación para os seguintes postos de traballo:

- *Traballador/a social: título universitario en Traballo Social*
- *Técnicos/as en educación infantil: ciclo superior en F.P. en Educación Infantil*

Este será o perfil profesional que deberá ser requirido na oferta xenérica de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia.

Os requisitos deberán acreditarse debidamente nos prazos e termos sinalados nestas bases e os aspirantes deberán cumprilos na data de remate de presentación de instancias e mantelos ata a data de formalización dos contratos.

Cuarta.- Preselección de persoas candidatas e proceso de admisión

a) *Preselección de candidatos mediante chamamento ao Servizo Público de Emprego:*

O Concello presentará oferta xenérica de emprego na Oficina Pública de Emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os aspirantes a ser contratados, conforme ás esixencias funcionais e profesionais da actividade a desenvolver, facendo constar a categoría profesional/postos a desenvolver. En todo caso, ditos criterios e requisitos específicos corresponderase co previsto, ao respecto, na base terceira, apartado II) das presentes bases, e non poderán conter, en ningún caso, elementos que poidan servir de base

para calquera tipo de discriminación baseada en criterios persoais e/ou subxectivos e ao marxe dos principios de obxectividade e imparcialidade que deben guiar o presente proceso.

*b) Admisión de candidatos:*

A selección consistirá nunha valoración de méritos, que se desenvolverá da seguinte maneira.

1. No momento de acudir á cita marcada pola oficina de emprego para a presentación no Concello, os candidatos preseleccionados serán informados do procedemento selectivo para o cal se lles entregará unha copia das presentes bases.

2. Os aspirantes disporán de 5 días naturais, a contar dende o día seguinte ao que fosen citados á entrevista pola oficina de emprego, para presentar a seguinte documentación (no caso de se presentar na forma que determina o art. 16.4 da Lei 39/2015 do *Procedemento administrativo común das AAPP* o concursante deberá xustificar a data da imposición do envío e comunicalo no mesmo día ao Concello no correo [aedl@rodeiro.gal](mailto:aedl@rodeiro.gal)):

- Instancia oficial que acompaña a estas bases.
- Carta de presentación no Concello remitida polo Servizo Público de Emprego.
- DNI ou NIE.
- Méritos alegados.

O sistema de selección a empregar consistirá nun concurso de méritos, no que se procederá á valoración dos méritos alegados polos diferentes candidatos, coa finalidade de valorar a adecuación e idoneidade dos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego para o adecuado desenvolvemento das funcións, contidos e actividades do posto obxecto de cobertura.

Quinta.- Tribunal

A composición do tribunal deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e ter presente o criterio de paridade entre homes e mulleres. A pertenza a estes órganos é a título individual, non podendo ostentarse esa representación por conta de ningún.

O tribunal estará formado polo presidente, o secretario e máis dous vogais. Os vogais deberán ter, como mínimo, o mesmo nivel de formación ca esixida para os postos que se convocan, ademais de posuír coñecementos específicos ou experiencia profesional nas materias que son obxecto do posto de traballo que se convoca. O secretario terá voz, pero non voto nas decisións que se acorden.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros ou dos seus respectivos suplentes, indistintamente. En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

O Tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, naquelas probas que consideren necesario e/ou para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non participan na toma de decisións do Tribunal. Os asesores deberán gardar sigilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no Tribunal.

O Tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento das probas, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do proceso selectivo o aconselle.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Desenvolvemento do proceso selectivo

Rematado o prazo de presentación da documentación reunirse o Tribunal nomeado ao efecto para a valoración dos méritos, podendo conceder un prazo de 1 día hábil adicional para emenda da documentación.

### 6.1 Méritos

Son méritos a valorar para a selección a maior adecuación ao posto de traballo e os aplicables polos criterios de preferencia que determina a convocatoria de axudas que financian estas contratacións na súa base cuadraxésima primeira.

#### A. Circunstancias sociais e persoais

- Situación de desemprego igual ou superior a 12 meses 0,60 puntos  
*Acreditase mediante informe dos períodos de inscrición expedido polo SPEG.*
- Maiores de 45 ou menores de 30 anos 0,50 puntos  
*Acreditase co DNI.*
- Vítima de violencia de xénero 0,40 puntos  
*Acreditase coa certificación acreditativa da condición de vítima expedida polo Punto de coordinación das Ordes de Protección, ou organismo público equivalente.*
- Persoas candidatas que formen unha familia mono-parental de nai ou pai con fillos/fillas ao cargo 0,35 puntos  
*Acreditase coa copia compulsada do Libro de Familia e certificado municipal de convivencia, ou copia compulsada da sentenza aprobatoria do convenio regulador da garda e custodia dos menores.*
- *Situación económica:*
  - I. Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao 50% do IPREM 0,30 puntos
  - II. Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao 70% do IPREM 0,25 puntos
  - III. Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao IPREM 0,20 puntos*Acreditase coa copia compulsada da última declaración de IRPF da unidade familiar. No suposto de non tela presentada, certificación negativa e de rendementos imputables expedida pola Axencia Tributaria. A estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polo titular, cónxuxe ou parella de feito debidamente inscrita no rexistro correspondente e fillos menores de idade.*

#### B. Adecuación ao posto de traballo

- Por asistencia a cursos de formación ou perfeccionamento sobre materias relacionadas coas tarefas e funcións propias do posto o que se aspira, impartidos, homologados ou recoñecidos por organismos ou institucións públicas:
  - I. Por cada curso de 10 a 20h: 0,10 puntos
  - II. Por cada curso de 21 a 50h: 0,20 puntos
  - III. Por cada curso de máis de 50h: 0,30 puntos

*A acreditación dos cursos farase mediante a aportación do orixinal do título/diploma e soamente se admitirán cando conste no propio documento o número de horas.*

A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto.

- Coñecemento da lingua galega:
  - I. Celga 1: 0,10 puntos
  - II. Celga 2: 0,20 puntos
  - III. Celga 3 ou certificado de iniciación: 0,30 puntos
  - IV. Celga 4 ou certificado de perfeccionamento: 0,35 puntos

*Acreditase coa copia do título que acredite o nivel acadado.*

En caso de posuír varios cursos, soamente se aplicará a puntuación do superior.

- Experiencia profesional
  - Por cada mes de traballo 0,10 puntos*A experiencia acreditarase mediante os correspondentes contratos laborais (ou de non telos co certificado de empresa) e informe de vida laboral. No caso de ter solicitado o informe de vida laboral e non dispor del no prazo de presentación de documentación, xuntase a copia da solicitude debendo achegalo no prazo dos*

*días de emenda. No suposto de traballos realizados en administracións públicas, poderá substituírse o contrato de traballo por un certificado expedido pola persoa con competencia en materia de persoal na que conste de forma fidedigna o tempo traballado, a categoría profesional desempeñada e as funcións exercidas. No caso dos servizos prestados no propio Concello de Rodeiro bastará que o solicitante autorice a incorporación ao expediente deste certificado, marcando a xanela correspondente.*

*Para a determinación do número de meses acreditados polos interesados calcularase o número de días que transcorren entre a data inicial do período de servizos alegados e a data final de este. O número de días obtido dividirase entre trinta, de forma tal que o cociente enteiro resultante desta división será o número de meses por servizos prestados acreditados polo interesado. Polo tanto, todos os meses de servizos computaranse como trinta días. O resto de días inferiores a trinta que arroxe a anterior operación non será obxecto de consideración para o cómputo na valoración. A efectos do cómputo da experiencia profesional, terase en conta a xornada de traballo fixada e a proporcionalidade que para cada período contractual resulte do informe de vida laboral.*

A puntuación máxima neste apartado será de 5 puntos.

A existencia dunha omisión ou falsidade nos documentos presentados para demostrar calquera dos méritos, debidamente demostrada, será causa de exclusión do proceso de selección. Si se demostra posteriormente falsidade será causa de rescisión do contrato.

Todos os documentos e informes que se acheguen deberán ser orixinais e cotexaranse no Concello.

Sétima.- Resolución de empates

En caso de empate contratarase a persoa candidata que acredite maior puntuación na valoración da experiencia profesional. De persistir o empate seguirase a orde de maior puntuación nos criterios de valoración das circunstancias sociais e persoais, segundo a orde do criterios establecidos na Base 6ª.1A).

Oitava.- Proposta de contratación

Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o Presidente formulará a correspondente proposta de contratación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, remitíndose a mesma á Xunta de Goberno Local, e sen superar, en ningún caso, o número de prazas convocadas. Esta proposta será publicada no taboleiro de anuncios do Concello.

O tribunal configurará, igualmente, unha lista cos restantes aspirantes non seleccionados, segundo a orde da puntuación acadada, e no caso de renuncias, baixas ou substitucións, procederase ó chamamento da seguinte persoa, por rigorosa orde de puntuación, sempre que reúna os requisitos das bases reguladoras referido *Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Máis Provincia) 2025*, procedendo a súa contratación polo tempo que reste ata o remate do contrato.

No suposto de que a listaxe de agarda se esgotase ou ningún dos seus integrantes estivese dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo proceso selectivo do xeito establecido nestas Bases.

Novena.- Resolución e contratación.

Á vista da proposta do Tribunal, a Xunta de Goberno Local resolverá o procedemento selectivo, acordando a contratación dos candidatos seleccionados, de conformidade coa lexislación laboral aplicable.

O Sr. alcalde procederá a asinar cos aspirantes seleccionados o corresponde contrato laboral para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

A non presentación no posto de traballo, no día e hora indicados, para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

Décima.- Réxime Xurídico.

Para o non previsto nestas Bases, ademais do previsto na resolución da axuda e no *Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Máis Provincia) 2025*, rexerán como supletorias: a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local; o Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia;

o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; o Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Estatuto Básico de emprego público, e Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia, e demais disposicións concordantes.

Undécima.- Incidencias.

A Tribunal de Selección queda autorizado para resolver las dúbidas que se presenten e adoptalos acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

Décimo segunda.- Impugnación.

Os/as interesados/as poderán impugnalas presente convocatoria e as súas bases, así como tódolos actos administrativos que se derivan da mesma nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

## ***6.- CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN LABORAL TEMPORAL, POR SUBSTITUCIÓN, DUN POSTO DE TRABAJO DE MONITOR DEPORTIVO***

A vindeira ausencia programada, por motivo da baixa laboral por IT, dun traballador municipal laboral fixo e a previsible duración media desta, aconsella a cobertura de dito posto por substitución ata a incorporación do mesmo, a fin de evitar prexuízos aos/ás usuarios/as do ximnasio municipal.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Realizar convocatoria pública para a provisión laboral temporal por substitución dun posto de traballo de monitor deportivo.

Segundo.- Aprobar as seguintes bases que rexerán o procedemento selectivo, que se realizará a través do sistema de concurso de valoración de méritos:

### ANEXO

#### BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA E O PROCESO DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE MONITOR DEPORTIVO

PRIMEIRA. Obxecto da Convocatoria

É obxecto das presentes bases a selección de:

Denominación da praza	Monitor deportivo
Réxime	Contrato a tempo parcial
Modalidade contractual	Contrato duración determinada por substitución
Unidade/Área	Deportes
Grupo profesional	Monitor deportivo
Nivel formativo mínimo esixible	Técnico Superior de Formación Profesional en <i>Animación de Actividades físicas e deportivas</i> ou equivalente.
Sistema selectivo	Concurso
Funcións a desempeñar	Monitor-encargado do ximnasio municipal e organización e realización de actividades físico-deportivas que se lle encomenden dende área de Deportes municipal.

#### SEGUNDA. Modalidade do Contrato

A modalidade é o contrato de substitución de duración determinada.

A duración do contrato será a que veña determinada polo tempo de duración da incapacidade temporal do traballador substituído con dereito a reserva do posto de traballo, Ovidio Areán Diéguez.

A xornada de traballo será de 25 horas semanais, que supón unha xornada polo 66,66% do equivalente a unha xornada completa no Concello (37,5 h/semana), de luns a venres. O xornada habitual de traballo será de 17.00h a 22.00h.

O posto de traballo a desempeñar polo traballador monitor – encargado/a do ximnasio municipal.

A retribución será a contemplada para esta praza no cadro de persoal do orzamento municipal vixente, agás o complemento por antigüidade, e cos incrementos retributivos que lle correspondan en función das Leis de orzamentos do Estado que lle sexan aplicables.

#### TERCEIRA. Requisitos previos

O Concello de Rodeiro, de acordo co mandato constitucional de garantir a igualdade no acceso nos procesos de selección do persoal, realizará a publicidade da convocatoria desta praza a través da solicitude dunha oferta de traballo dirixida ao Servizo Público de Emprego de Galicia.

As persoas interesadas deberán ser desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego nas categorías/ocupacións nestas bases referidas, e dispoñibles para o emprego con tarxeta de demandante de emprego en vigor.

#### CUARTA. Condicións de Admisión de Aspirantes

O contrato de substitución realizarase para cubrir a vacante dunha persoa traballadora con dereito a reserva do posto de traballo, segundo establece o artigo 15 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto 2/2015, de 23 de outubro.

Ademais, para tomar parte nas probas de selección, será necesario, de acordo co establecido no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da citada norma.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No

caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Serán igualmente requisitos que deberán cumprir os/as candidatos/as na data de remate de presentación de instancias e mantelos ata a data de formalización do contrato os seguintes:

— Posuír o título de técnico superior de formación profesional en *Animación de Actividades físicas e deportivas* ou equivalente da rama de Actividades físicas e deportivas.

— Preselección polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

#### QUINTA. Forma e prazo de presentación de Instancias

As solicitudes (Anexo I) para tomar parte no procedemento selectivo, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do *Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da data fixada pola oficina de emprego para a presentación dos candidatos no Concello. Deberán acompañar a seguinte documentación:

- DNI.
- Acreditación da formación requirida.
- Declaración responsable do cumprimento dos requisitos contemplados na base 4ª, ou no seu caso, a contida no modelo de instancia do *Anexo I*.
- Documentación necesaria para a valoración de méritos.

Os documentos presentados serán dixitalizados e os orixinais devolveránselle ao interesado no momento da presentación a aquelas persoas que decidan presentar a instancia de xeito presencial. No caso de optar pola presentación a través de Correos deberán entregarse en sobre aberto para seren datadas e seladas polo funcionario antes do envío. Neste caso, deberán adiantar ao correo electrónico [aedl@rodeiro.gal](mailto:aedl@rodeiro.gal) unha copia desta instancia na que conste a data de envío antes do remate do prazo de presentación de candidaturas.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

#### SEXTA. Admisión de Aspirantes

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía, no prazo dun (1) día hábil, ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará na sede electrónica deste Concello, <https://rodeiro.sedelectronica.gal> e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión, sinalarase un prazo de un (1) día hábil para emenda. Dita lista será definitiva de non presentarse reclamacións.

Transcorrido o prazo de emenda, pola Alcaldía aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará na sede electrónica deste Concello. Igualmente, na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal.

#### SÉTIMA. Tribunal Cualificador

A composición do tribunal deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e ter presente o criterio de paridade entre homes e mulleres. A pertenza a estes órganos é a título individual, non podendo ostentarse esa representación por conta de ninguén.

O tribunal estará formado polo presidente, o secretario e máis dous vogais. Os vogais deberán ter, como mínimo, o mesmo nivel de formación ca esixida para os postos que se convocan, ademais de posuír coñecementos específicos ou experiencia profesional nas materias que son obxecto do posto de traballo que se convoca. O secretario terá voz, pero non voto nas decisións que se acorden.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros ou dos seus respectivos suplentes, indistintamente. En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

O Tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, naquelas probas que consideren necesario e/ou para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non participan na toma de decisións do Tribunal. Os asesores deberán gardar sigilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no Tribunal.

O Tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento das probas, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do proceso selectivo o aconselle.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

OITAVA. Sistemas de Selección e Desenvolvemento dos Procesos

O sistema selectivo elixido para prover a praza é o de concurso de valoración de méritos.

FASE CONCURSO: a fase de concurso consistirá nunha valoración dos méritos alegados documentalmente polo candidato/a, de acordo co establecido neste apartado. Esta fase é voluntaria e non eliminatória. A puntuación máxima será de 6 puntos.

O tribunal valorará os méritos alegados conforme ao seguinte baremo:

**a.** Formación complementaria: (máximo 3,00 puntos)

- Por posuír unha titulación superior á esixida na convocatoria e relacionada coas funcións do posto de traballo. (no caso de ter máis dunha titulación soamente se puntuará a superior):
  - Título universitario no eido deportivo: 1,50 puntos
- Formación específica. Máximo 1,50 puntos. De conformidade coa seguinte valoración, e sempre que estea relacionada co posto de traballo:

– Menos de 20 horas:	0,05 puntos
– De 20 ou máis horas:	0,10 puntos
– De 50 ou máis horas:	0,25 puntos
– De 100 ou máis horas:	0,50 puntos

*Unicamente se valorarán os cursos convocados ou organizados por administracións públicas, Universidades, institutos ou escolas de funcionarios, ou outras entidades sempre que fosen homologados pola EGAP. Tamén se valorarán os cursos de formación continua das Administracións Públicas en calquera das súas edicións.*

*A acreditación dos cursos farase mediante a aportación do orixinal do título/diploma e soamente se admitirán cando conste no propio documento o número de horas.*

**b.** Experiencia profesional: (máximo 3,00 puntos)

- Por cada mes de traballo en postos análogos ou administrativos na administración pública; 0,050 puntos.
- Por cada mes de traballo en postos análogos ou administrativos en empresa privada / autónomo: 0,025 puntos.

*A experiencia acreditarase mediante os correspondentes contratos laborais (ou de non telos co certificado de empresa) e informe de vida laboral. No caso de ter solicitado o informe de vida laboral e non dispor del no prazo de presentación de documentación, xuntarse a copia da solicitude debendo achegalo no prazo dos días de emenda. No suposto de traballos realizados en administracións públicas, poderán substituírse estes documentos por un certificado expedido pola persoa con competencia en materia de persoal na que conste de forma fidedigna o tempo traballado (facendo constar a porcentaxe de xornada realizada e o índice de parcialidade no caso de xornadas parciais, sempre e cando non se presente vida laboral), a categoría profesional desempeñada e as funcións exercidas. No caso dos servizos prestados no propio Concello de*

*Rodeiro bastará que o solicitante autorice a incorporación ao expediente deste certificado, marcando a xanela correspondente.*

*Os traballadores autónomos deberán presentar ademais do informe da vida laboral actualizada, o xustificante da alta de actividades económicas (IAE) e facturas na que consten os servizos prestados. No caso de que non se poida deducir a duración do servizo coa documentación achegada, deberá xuntar un informe non que se especifique, en número de días/horas, o tempo empregado no desenvolvemento da actividade.*

*Para a determinación do número de meses acreditados polos interesados calcularase o número de días que transcorren entre a data inicial do período de servizos alegados e a data final de este. O número de días obtido dividirase entre trinta, de forma tal que o cociente enteiro resultante desta división será o número de meses por servizos prestados acreditados polo interesado. Polo tanto, todos os meses de servizos computaranse como trinta días. O resto de días inferiores a trinta que arroxe a anterior operación non será obxecto de consideración para o cómputo na valoración. A efectos do cómputo da experiencia profesional, terase en conta a xornada de traballo fixada e a proporcionalidade que para cada período contractual resulte do informe de vida laboral.*

*Os documentos non entregados para a xustificación e valoración dos méritos no proceso selectivo, nos prazos establecidos nas presentes bases, tanto de presentación inicial como de emenda, non serán tidos en conta na valoración e non puntuarán.*

A existencia dunha omisión ou falsidade nos documentos presentados para demostrar calquera dos méritos, debidamente demostrada, será causa de exclusión do proceso de selección. Si se demostra posteriormente falsidade será causa de rescisión do contrato.

Todos os documentos e informes que se acheguen deberán ser orixinais e cotexaranse no Concello.

#### NOVENA. Cualificación

A puntuación final será a obtida de aplicar a suma das puntuacións establecidas nos distintos apartados.

O resultado publicarase nos taboleiros de anuncios da sede electrónica do Concello e das oficinas municipais. Os candidatos disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, contados dende o seguinte a esta publicación, para presentar as reclamacións e emendas que considere oportunas.

Esta listaxe será definitiva de non presentarse alegación ou emendas. En caso contrario, resultas as mesmas publicarase a listaxe definitiva de aspirantes con indicación dos que tiveran superado o proceso selectivo sen obter praza e aquel/a proposto/a para contratación.

No caso de empate resolverase aplicando a seguinte orde de prelación:

- a) A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional
- b) O maior nivel académico
- c) Circunstancias persoais: no caso de persistir o empate. Os candidatos/as terán un máximo de 2 días hábiles para acreditar estar nalgunha, ou en varias, das seguintes situacións. As prazas asignaranse en orde da maior puntuación acadada.
  - Situación de desemprego:
    - Inferior a un ano 0,20 puntos
    - Superior a un ano 0,30 puntos

*Acredítase mediante informe dos períodos de inscrición expedido polo SPEG.*

#### DÉCIMA. Relación de Aprobados, Acreditación de Requisitos Esixidos e Formalización do Contrato

Concluída a valoración, elevarase ao órgano competente proposta do candidato para a formalización do contrato, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

O órgano competente procederá á formalización dos contratos previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria (Anexo II). Para elo disporán dun prazo de dous días hábiles, contados a partir da publicación da listaxe coa puntuación definitiva.

Formalizado o contrato deberase comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo dos dez días

seguintes á súa concertación; así mesmo, deberase informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica dos contratos realizados.

Téñase en conta que ata que se formalicen os mesmos e se incorporen aos postos de traballo correspondentes, os aspirantes non terán dereito a percepción económica algunha.

Co adxudicatario realizarase contrato laboral de substitución pola situación de incapacidade temporal do traballador con dereito a reserva do posto de traballo.

#### UNDÉCIMA. Constitución de bolsa de emprego

Constituirase unha bolsa de emprego coas persoas que superen o proceso de selección e non resulten contratadas, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que puidesen resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente debidas a baixas por incapacidade temporal, vacacións, ou vacantes. A bolsa será ordenada segundo a puntuación obtida no proceso selectivo.

O orde de chamamento dos aspirantes inscritos na bolsa neste Concello será pola orde do/a que figure no primeiro lugar da lista.

A renuncia inicial a unha oferta de traballo, ou a renuncia durante a vixencia do contrato, non darán lugar á exclusión da Bolsa de Traballo, pero ocasionará un cambio de lugar do posto, dentro da mesma, pasando a ocupar o último posto como integrante da Bolsa. Son causas que xustifican a renuncia a unha oferta de traballo e que implican o mantemento dentro da Bolsa de Traballo:

- Estar en situación de ocupado, prestando servizos no Concello como persoal contratado, en calquera das formas admitidas en dereito, laboral ou funcionario interino.
- Estar en situación de Suspensión por accidente, baixa por enfermidade, intervención cirúrxica, internamento hospitalario, maternidade, embarazo de alto risco e situación de risco ou necesidade acreditada por facultativo que esixa a lactación natural de menores de nove meses. A acreditación documentada da finalización de tal circunstancia dará lugar á reposición no mesmo lugar da orde de lista nas Bolsas de Traballo en que se atopará a persoa afectada.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

As persoas incluídas na Bolsa de Traballo terán que presentar datos persoais suficientes que permitan a súa pronta localización, sendo responsables de que estean actualizados en todo momento. Unha vez realizado o intento de localización por medio da comunicación telefónica ou ao correo electrónico con acuse de recepción, se non fose posible o contacto en vinte e catro horas acudirase á persoa seguinte. Se se opta pola comunicación telefónica, realizaranse un mínimo de tres intentos de contacto entre as 09:00 e as 13:30 horas, cun intervalo de 20 minutos entre cada chamada. Quedará anotación escrita do que se indica neste número no servizo correspondente, dándose traslado inmediato de informe escrito ao Secretario da Corporación para coñecemento e constancia.

A persoa integrante da Bolsa de Traballo que reciba proposta de oferta de traballo, nos termos descritos anteriormente, deberá proceder á aceptación ou rexeitamento da mesma, nun período máximo de 24 horas, salvo que por circunstancias excepcionais ou de forza maior.

Esta bolsa de emprego terá unha vixencia máxima de tres anos.

#### DUODÉCIMA. Incidencias

As presentes bases, unha vez aprobadas polo órgano competente, expóranse ao público durante o prazo de presentación de instancias no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

De presentarse reclamacións ás bases, que non suspenderán o prazo de presentación de instancias para tomar parte no proceso selectivo, a selección demorarase ata a resolución das mesmas. De ser aceptada algunha das suxestións formuladas, abrírase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases non caberá recurso algún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poña fin ao procedemento.

No non previsto nas bases será de aplicación o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro; o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público,

aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívicos da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; e a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

### Anexo I

CONCELLO DE RODEIRO					
SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NUN PROCEDUREMTO SELETIVO					
DATOS DO CANDIDATO/A					
Nome e apelidos/Unión social					
Enderezo para os efectos de notificación		Núm.	Escalera	Ándar	Porta
CP		Municipio		Provincia	
Data de nacemento			Teléfono		
Correo electrónico			Posto de Traballo ao que opta MONITOR DEPORTIVO ENCARGADO XIMANSIO		
Solicito a adxución ao sistema de notificacións electrónicas <input type="checkbox"/>					

O abaixo asinante, tendo coñecemento da apertura dun procedemento de selección de persoal,

#### DECLARA:

1 Coñecer e aceptar explicitamente as Bases da convocatoria.

2 Cumprir cos requisitos da Base 4ª: *que teño capacidade funcional para a realización do traballo e non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública mediante expediente disciplinario, nin estou en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial* que recibín comunicación do DE Lalin de estar preseleccionado polo Servizo de Emprego de Galicia para este posto de traballo.

#### AUTORIZO:

Que se incorpore, para valoración, o certificado de servizos prestados no Concello de Rodeiro.

Que publiquen os meus datos persoais no taboleiro e na páxina Web do Concello.

e PRESENTA a seguinte documentación orixinal ou copia cotexada:

#### DNI

Título Académico

Méritos alegados

Rodeiro a, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE RODEIRO

ADVERTENCIA: Este documento é responsabilidade do Concello de Rodeiro. En ningún momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e supresión comunicados por escrito, que corresponden ao titular do Concello de Rodeiro. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e supresión comunicados por escrito, que corresponden ao titular do Concello de Rodeiro.

### Anexo II

Eu, \_\_\_\_\_, maior de idade, co enderezo en \_\_\_\_\_, logo de superar o procedemento selectivo para unha praza de *monitor deportivo - encargado do ximansio*, aos efectos de formalizar o contrato laboral,

#### DECLARO DE XEITO RESPONSABLE

- Estou en posesión dos requisitos específicos esixidos nas bases de selección.
- Non padezo enfermidade, nin estou afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións propias da praza, segundo se definen nas bases.
- Non estou separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin me atopo inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de función públicas propias do posto.

Para que así conste, asino en Rodeiro a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2024

#### Documentación que se acompaña a este escrito:

- CERTIFICADO MÉDICO acreditativo de non padecer enfermidade nin eiva física ou mental que lle incapacite para o normal exercicio das funcións propias do posto de traballo.
- Copia da tarxeta sanitaria.
- Certificado da conta bancaria na que son titular.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE RODEIRO

## 7.- RECOÑECEMENTO DE COMPLEMENTO DE ANTIGÜIDADE A TRABALLADOR LABORAL FIXO DO CONCELLO

VISTA a petición formulada polo traballador laboral fixo, coa categoría de peón de servizos diversos, Don Francisco Lorenzo Eiriz (RE núm. 125, do 03/02/25), solicitando o recoñecemento do oitavo trienio.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballador laboral deste Concello, así como os

servizos previos recoñecidos polo Concello e o tempo transcorrido dende a súa contratación laboral.

RESULTANDO que a Xunta de Goberno Local, por acordos adoptados nas sesións celebradas os días 22 de marzo de 2011, 8 de novembro de 2012, 30 de xaneiro de 2013, 9 de decembro de 2015, 5 de marzo de 2019 e 20 de outubro do 2021, recoñeceulle o dereito ao percibo de sete trienios.

VISTOS o Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordantes e complementarias, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER ao traballador laboral fixo Don Francisco Lorenzo Eiriz o seu dereito a percibir o oitavo trienio de antigüidade con data de consolidación do día 22 de agosto de 2024 e con efectos económicos do día 1 de setembro de 2024.

## ***8.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NA CONVOCATORIA PARA O FINANCIAMENTO E A PRESTACIÓN DAS AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA NOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025***

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes das Bases reguladoras para o financiamento e a prestación das axudas básicas de emerxencia nos servizos sociais comunitarios da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2025, publicadas no BOP núm. 23, correspondente ao día 4 de febreiro do corrente, e da conveniencia de solicitar a participación do Concello na convocatoria para proporcionar, a través dos servizos sociais municipais, apoio económico, de maneira excepcional e extraordinaria, para poder atender as demandas de urxente e puntual necesidade das veciñas e veciños do Concello que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que solicitan as axudas, con prioridade a familias con menores ao seu cargo que se atopen en situación de exclusión social ou en risco de estalo.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Coñecer e aceptar as bases da convocatoria e os compromisos que se inclúen nela.

Segundo.- Solicitar a cantidade de SETE MIL EUROS (7.000,00 €) para gastos correntes e a cantidade de TRES MIL OITOCENTOS EUROS (3.800,00 €) para investimentos, destinados á tipoloxía das axudas establecidas na base sexta das mencionadas Bases.

### ***9.- ADHESIÓN AO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O EXERCICIO DE 2025***

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes das Bases reguladoras do Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2025 (BOP núm. 23, do 04/02/25), e da conveniencia de adherirse a dito Plan ao obxecto de acadar o cofinanciamento de parte dos servizos sociais comunitarios, concretamente para os postos de traballo de educadora social e auxiliar administrativo, así como para a prestación do servizo de axuda no fogar (SAF), modalidade de prestación básica.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Coñecer e aceptar as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.

Segundo.- Adherirse ao Plan de cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais da Deputación de Pontevedra para o 2025, de acordo coas bases establecidas na convocatoria e solicitando as cantidades reflectidas no proxecto descritivo dos servizos sociais comunitarios municipais que se achega, que constitúen un total de CORENTA MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (40.256,60 €).

Terceiro.- Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do Plan e completar coa súa achega económica os módulos que se financiarán.

Cuarto.- Aceptar os compromisos de publicidade que se establecen na Base décimo quinta.

Quinto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión deste acordo e do expediente correspondente.

### ***10.- RENOVACIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON MINUSVALIDEZ***

VISTO o informe emitido pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, en data 20/12/24, que acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda autorizar a renovación da tarxeta, concedida por acordo deste órgano adoptado na sesión celebrada o día 5 de agosto de 2014, a favor de Don MANUEL HERMIDA HERMIDA, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro.

### ***11.- AUTORIZACIÓN E INFORME PARA A CELEBRACIÓN DA PROBA DEPORTIVA DENOMINADA “29 RALI DO COCIDO”***

Dáse conta aos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes da entrada no Rexistro municipal do seguinte documento:

- Escrito de data 6 de xaneiro do corrente (RE-E núm. 4) asinado por Don Mateo Varela Fernández, na súa condición de presidente da Asociación Escudería Lalín-Deza, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Lalín, polo que comunica ao Concello a celebración o vindeiros días 7 e 8 de marzo do corrente da proba do Campionato de Rallyes de Galicia 2025, denominada “29 RALI DO COCIDO” e que ten previsto percorrer parcialmente estradas deste Concello pertencentes ás

parroquias de San Cristovo do Az, San Salvador de Camba, Camba, Fafián, Rodeiro, Río, A Portela e Santa Mariña de Pescoso. Solicita asemade a colaboración do Concello nos eidos de acondicionamento das estradas municipais, protección civil, medio ambiente e recollida de lixo.

Debidamente informados de canto antecede e á vista da documentación achegada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a utilización das estradas de titularidade municipal para a celebración da proba deportiva solicitada. Esta autorización outórgase condicionada ao cumprimento da normativa de aplicación e sen prexuízo de calquera outro permiso ou autorización procedente e, en concreto, a dos titulares doutras estradas afectadas pola proba neste termo municipal (Deputación Provincial e Xunta de Galicia). Asemade, a organización deberá sinalizar axeitadamente o percorrido e adoptar as medidas oportunas para garantir a seguridade dos vehículos, peóns e espectadores. Aos citados efectos, deberá contar cunha póliza en vigor que asegure os eventuais danos e a súa correspondente responsabilidade civil.

Segundo.- Colaborar coa organización, a través dos servizos municipais de obras, protección civil, medio ambiente e recollida do lixo, atendendo ao solicitado, no exercicio das competencias atribuídas ao Concello e para fins exclusivos de interese público relacionados coa actividade solicitada.

Terceiro.- Autorizar o uso da Avenida Aviador Gumersindo Areán de Rodeiro no día 8 de marzo do corrente, en horario de 09:00 a 15:00 horas, para o control de paso.

Cuarto.- Informar de xeito favorable a súa viabilidade, de conformidade co previsto no punto 2.2 a) da sección 1ª do Anexo II do Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación.

## **12.- FACTURAS E PAGOS**

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 123,42 € E 917,26 €  
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 25A/84 e 25A/85 (FACe).
- ESPÚBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A. 825,90 €  
Por soporte e mantemento da aplicación informática do padrón municipal de habitantes, s/factura núm. 2025/202502564 (FACe).
- ARANZADI LA LEY S.A.U. 4.064,53 €  
Por subscrición anual a base de datos xurídica, s/factura núm. V-FAC-REN+2025-RE/FV00002070 (FACe).
- E.S. ATENEO S.L. 872,19 €  
Por subministro de gasóleo de calefacción para o Centro de Saúde, s/factura núm. 2025/FA/000101 (FACe).
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 13.450,19 €  
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de decembro de 2024, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 5.942,99 €  
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de decembro de 2024, s/recibos.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 111,97 € E 403,54 €  
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7H40001546 e TA7H40001547 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 19,00 €, 0,00 € E 0,00 €  
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-B5M0-068361, 28-B5DD-055775 e 28-B5DD-095627 (FACe).
- XUNTA DE GALICIA 36,72 €  
Por autoliquidación de taxa de Augas de Galicia en concepto de autorización no dominio público hidráulico, s/cargo.

- AUGAS DE GALICIA 1.920,00 €  
Por pagamento voluntario de sanción en materia de vertidos (Clave DH.D36.102742), s/proposta de resolución.
- DAVID CRIADO TABOADA 1.226,91 €  
Por asistencias aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- DAVID CRIADO TABOADA 176,80 €  
Por desprazamentos aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- MARÍA PÉREZ SEOANE 171,32 €  
Por asistencias aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- ANA ISABEL FERRADÁNS BLANCO 171,32 €  
Por asistencias aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- ANA ISABEL FERRADÁNS BLANCO 57,20 €  
Por desprazamentos aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- JUAN ANTONIO ORTEGA MARTÍNEZ 171,32 €  
Por asistencias aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- JOSÉ MARÍA NOVO RAMOS 1.226,91 €  
Por asistencias aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- ALBERTO VIZ VÁZQUEZ 159,12 €  
Por asistencias aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.

- JOSÉ MANUEL MÉNDEZ GARCÍA 159,12 €  
Por asistencias aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- JOSÉ MANUEL MÉNDEZ GARCÍA 16,64 €  
Por desprazamentos aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- FRANCISCO GUERRA GARCÍA 159,12 €  
Por asistencias aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- FRANCISCO GUERRA GARCÍA 16,64 €  
Por desprazamentos aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- NICOLÁS PÉREZ IGLESIAS 159,12 €  
Por asistencias aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- MARÍA TERESA ROCHA BLANCO 159,10 €  
Por asistencias aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- MARÍA TERESA ROCHA BLANCO 8,37 €  
Por desprazamentos aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- MARÍA LARA HERMIDA FERNÁNDEZ 312,09 €  
Por asistencias aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- ANTÍA CASTRO LÓPEZ 434,47 €  
Por asistencias aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.

- MARÍA BELÉN TABOADA IGLESIAS 471,19 €  
Por asistencias aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- EVA PRIETO RODRÍGUEZ 471,19 €  
Por asistencias aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- EVA PRIETO RODRÍGUEZ 33,28 €  
Por desprazamentos aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- FRANCISCO JAVIER AGUIAR VÁZQUEZ 79,56 €  
Por asistencias aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- FRANCISCO JAVIER AGUIAR VÁZQUEZ 16,64 €  
Por desprazamentos aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- RICARDO VÁZQUEZ VAHAMONDE 79,56 €  
Por asistencias aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- MATÍAS EZEQUIEL ZARAYÁN VELASCO 79,56 €  
Por asistencias aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- JULIO COUTO MÉIJOME 79,56 €  
Por asistencias aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- JUAN CARLOS DIÉGUEZ PATAO 220,32 €  
Por asistencias aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.

- MANUEL ÁNGEL RÍOS CURROS 220,32 €  
Por asistencias aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- JOSÉ ANTONIO ARIAS DEZA 257,04 €  
Por asistencias aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- JOSÉ CARBALLO SUÁREZ 257,04 €  
Por asistencias aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 581,71 €  
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 40 (FACe).
- SOCISER GALICIA S.L.U. 953,58 €  
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de xaneiro de 2025, s/factura núm. A/2 (FACe).
- SOCISER GALICIA S.L.U. 954,84 €  
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de libre concorrencia, no mes de xaneiro de 2025, s/factura núm. A/1 (FACe).

Obradoiro dual de emprego “Terras de Camba I”

- LEZIONA FORMACIÓN S.L. 2.200,00 €  
Por impartición de curso de nivel básico de prevención en la construción, s/factura núm. L/25 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)